



Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

AO PLENO DA CORPORACIÓN

O Grupo Municipal da Marea Atlántica, a través da súa voceira, María García Gómez, e ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, presenta a seguinte **MOCIÓN SOBRE MEDIDAS DE IMPULSO DO USO DA BICICLETA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transformación progresiva das cidades cara unha mobilidade alternativa ao coche privado é hoxe unha obriga ineludible, que responde a varias necesidades: facelas máis habitables, recuperar espazo público que ocupa o automóbil, reducir ruído e a contaminación atmosférica e afrontar a loita contra a emerxencia climática, entre outras.

Nas últimas semanas, ademais, fíxose realidade unha condición da que os discursos teóricos levan tempo advertindo: o encarecemento vertixinoso dos combustibles. Da experiencia deberíamos aprender para anticiparnos a futuras situacións de escaseza de gas e derivados do petróleo, que son recursos non renovables, limitados e tremendamente dependentes da situación xeopolítica vixente.

Non abonda con actuacións de emerxencia en momentos de crise. Os poderes públicos deben impulsar estratexias que permitan á cidadanía e ás administracións gañar en autonomía e eficiencia enerxética. Entre elas, o impulso do transporte público e a bicicleta que tantas veces trouxemos a este Salón de Plenos.

Sen ánimo de enumerar aquí todas as actuacións posibles e necesarias para acadar unha mobilidade sostible, por exceder o marco desta moción, o Grupo Municipal de Marea Atlántica quere facerse eco de reiteradas demandas cidadás con tres propostas concretas.

1. Instar á Renfe a facilitar o transporte das bicicletas nos seus trens.
2. Habilitar aparcabicis públicos en baixos comerciais vacantes.
3. Reforzar o servizo de Bicicoruña.

No primeiro caso, diversos colectivos ciclistas e ecoloxistas veñen de desenvolver unha campaña para esixirle á Renfe que cumpra a súa propia a propaganda e **facilite de verdade o transporte de bicicletas nos trens**. Os rexionais e Media Distancia, maioritarios en Galicia, só permiten subir **tres bicicletas** por traxecto completo, independentemente do número de persoas que viaxen. Trátase dunha barreira absurda para multitude de usuarias da bicicleta que se desprazan diariamente entre cidades do Eixo Atlántico para traballar e estudar.

Colectivos da Coruña coma Mobi-Liza, Ecoloxistas en Acción ou Greenpeace relatán unha situación completamente anacrónica:

“Una familia o un grupo de cuatro personas no puede llevar sus bicicletas en el mismo tren, y si es una familia de tres personas podrá si tiene la suerte de que nadie que viaje en la misma línea no haya cogido antes los tres billetes. Además, Renfe cobra un suplemento por bici para los trayectos de más de 100 Km, por lo que entre Vigo y Santiago, por ejemplo, tendremos que abonar tres euros por bici y trayecto. Lo mismo sucede entre Compostela y Ourense, con el agravante de que las tres bicis solo pueden ir en uno de los dieciséis trenes que unen ambas ciudades cada día, ya que el resto son Alvia o Avant y solo admiten bicis plegables”.

Outra proposta que incentivaría notablemente o uso da bicicleta é habilitar **unha rede de aparcabicis municipais** nos barrios. En especial, debería considerarse o uso de locais comerciais que actualmente estean vacantes, por ter varios efectos positivos:

- Incentivar o uso da bicicleta, ofrecéndolle ás usuarias unha alternativa para gardala con seguridade, ante a escaseza de espazo en portais e vivendas e falta de ascensores en moitos inmobles.
- Minimizar a ocupación de espazo público con novas instalacións nunha cidade coma A Coruña, cunha elevadísima densidade de poboación.
- Poñer en valor baixos comerciais baleiros que son fonte de deterioro do espazo público e focos de conflito nos barrios.

Para esta iniciativa, o goberno local dispón xa de 3 millóns de euros nos Orzamentos 2022, destinados ao programa “*Mover os Baixos*” para adquisición e aluguer de locais comerciais baleiros.

Finalmente, pedímoslle ao executivo municipal que coide e potencie o servizo de préstamo de bicicletas *Bicicoruña*, facendo que sexa máis útil para o conxunto da cidadanía. En concreto, debería estudarse a ampliación de horarios (sobre todo pola noite e nas fins de semana, para adaptarse aos hábitos da mocidade); deben implantarse as prometidas bicicletas eléctricas que farán máis accesible o servizo e crearse as novas estacións pendentes en barrios coma Novo Mesoiro. E debe, en todo caso, manterse o prezo de Bicicoruña dentro duns límites asumibles pola maioría da veciñanza.

Calquera destas propostas suxire medidas sinxelas, de fácil aplicación e alto impacto no fomento do uso da bicicleta. Por este motivo, o Grupo Municipal da Marea Atlántica propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar á Renfe a:

- Procurar unha solución para aumentar o número de bicicletas que poden embarcarse nun tren, actualmente limitado a só tres por traxecto.
- Permitir as bicicletas sen pregar nos trens Avant, recuperando os enganches de bicicletas que retirou.
- Eliminar o suplemento para bicicletas das tarifas, facendo gratuíto o transporte de bicis, con independencia no número de quilómetros que se percorran.
- Ser consecuente coa campaña “*TREN Y BICI PARA LA MOVILIDAD URBANA*” e aplicala nos trens de proximidade e media distancia en Galicia, evitando discriminacións con respecto ás persoas usuarias doutras autonomías.

2. Instar ao goberno local a crear unha rede de aparcamentos para bicicletas en baixos comerciais baleiros, atendendo unha demanda reiterada dos colectivos ciclistas e minimizando a ocupación do espazo público con novas instalacións, por ser xa escaso nesta cidade.

3. Instar ao goberno local a mellorar o servizo de Bicicoruña, aumentando horarios, implantando as prometidas bicicletas eléctricas e novas estacións, e mantendo o prezo dentro dun límite asumible para a maioría da veciñanza.

A Coruña, 4 de abril de 2022



María García Gómez
Voceira do GM Marea Atlántica